

RESOLUCIÓN REITORAL DE 30 DE NOVIEMBRE
DE 2011 POLA QUE SE PUBLICAN AS LISTAXES
DE BENEFICIARIOS DA II CONVOCATORIA
DE BOLSAS ERASMUS PARA O CURSO 2011/112

RESOLUCIÓN REITORAL DE 30 DE
NOVIEMBRE DE 2011

QUINTA PARTE

RESOLUCIÓN REITORAL DE 30 DE

NOVIEMBRE DE 2011

Publicada a II Convocatoria de bolsas Erasmus para o curso 2011-12 por Resolución Reitoral do 30 de setembro de 2011 e unha vez recibida a listaxe do estudiantado seleccionado remida polo responsable de relacións internacionais da Escola de Enxeñaría de Telecomunicación, acórdase ditar a seguinte:

RESOLUCIÓN

1. Outórganse a
- David Gandamil Santos

as axudas convocadas por Resolución Reitoral do 30 de setembro de 2011: bolsa Erasmus e axuda complementaria da Universidade de Vigo.

2. A concesión da bolsa Erasmus e da axuda complementaria da Universidade de Vigo queda pendente de:

- 2.1. Presentación de escrito de aceptación por parte do estudante da bolsa. O escrito presentarase á Oficina de Relacións Internacionais nun prazo non superior a un mes desde a publicación da presente resolución. A non presentación da carta de aceptación no prazo establecido, implicará a renuncia á bolsa concedida. Se renuncia á bolsa, deberán asemesmo notificalo por escrito á Oficina de Relacións Internacionais.
- 2.2. Admisión do estudante por parte da universidade de destino.

3. O pagamento da bolsa Erasmus farase en función do número de meses de estadía xustificadas como período de estudos real. Calquera modificación na duración da estadía deberá ser notificada por escrito á ORI e aprobada por esta oficina.

4. O pagamento das axudas realizarase:

- 4.1. Axuda da Universidade de Vigo: será aboada en función da dispoñibilidade orzamentaria se o estudante entrega a documentación requirida antes da partida (ficha de datos de bolseiro Erasmus, ficha de perceptores de pagos da Universidade de Vigo, copia do DNI, carta de aceptación da bolsa e o contrato financeiro entre a Universidade de Vigo e o estudante).



- 4.2. Primeiro pagamento da bolsa Erasmus: será aboado unha vez que o estudante envíe á ORI o certificado de chegada e o contrato de estudos.
- 4.3. Segundo pagamento da bolsa Erasmus: será aboado ao regreso do estudante entre os meses de maio e setembro do ano 2012.

5. Contra esta Resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á súa publicación de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Así e todo, o(s) interesado(s) poderá(n) optar por interpor contra esta Resolución Recurso de Reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente Resolución, perante o mesmo órgano que a ditou, neste caso non caberá interpor o recurso contencioso-administrativo antes citado, namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, modificadora da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O REITOR

Por Delegación (R.R. de 05/09/2011)
O vice-reitor de Relacións Internacionais
Manuel Fernández Iglesias



DILIXENCIA para facer constar que esta Resolución publícase con esta data no taboleiro desta Universidade.
Vigo, 30 de novembro de 2011

A secretaria do vice-reitor de Relacións Internacionais
Henar Quintas Sálgado

